

## Instruccións para o persoal investigador adscrito ao CIF sobre a filiación.

### Introducción

Estas pequenas instruccións teñen como obxectivo o uso correcto e consistente da filiación institucional do Campus Industrial de Ferrol (CIF) nos resultados da investigación. Isto facilitará o seguemento da produción científica do CIF no proceso de revisión de acreditación do mesmo e ademais aumentará a visibilidade do CIF que é un dos obxetivos que forma parte das liñas do Plan Estratégico 2021-2026. Estas instruccións debe seguilas todo o persoal investigador adscrito ao CIF tanto o permanente, como o non permanente e o persoal en formación.

### Instruccións

- Publicacións: Para calquer tipo de publicación (artigos de investigación, artigos de docencia ou outras publicacións) e seguindo as instruccións de filiación da UDC, como mínimo a filiación do CIF debe aparecer reflectida na 2ª posición. Isto é:

Nome (obrigatorio)

Universidade da Coruña, Campus Industrial de Ferrol, (outros... departamento, facultade, grupo) Ferrol, 15403, A Coruña, Spain

- A denominación Campus Industrial de Ferrol, debe escribirse en galego de forma completa, sen siglas nen abreviaturas. No suposto de que fose necesario referenciar adicionalmente o CIF en inglés, a forma utilizada será Ferrol Industrial Campus.
- Proxectos e contratos de I+D+i: nas solicitudes de proxectos de I+D+i a convocatorias da Xunta de Galicia, ao Plan estatal de I+D+i ou da Comunidade Europea, etc. debe facerse referencia á pertenza ao Campus Industrial. Cando non sexa posible engadilo na filiación debe figurar nalgún punto da memoria a pertenza do investigador ao CIF.
- Na signatura do correo electrónico e nas presentacións públicas en congresos, feiras, xornadas, etc., haberá que incluír o logotipo do CIF, que está dispoñible na páxina web do CIF.